

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº30/ Ano: 2021 / 2º xornal Mes de maio/ Estado de vacinación + iva

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com

CONCELLO DE POIO, UN EXEMPLO A SEGUIR NO INTERESE E PREOCUPACIÓN POLA SÚA ILLA: TAMBO

A mediados do mes de abril tivo lugar no Mosteiro de Poio unha exposición do Arquitecto Sergio Portela, xunto cunhas charlas e unha mesa redonda sobre o proxecto de futuro para a Illa de Tambo.

Dende logo resultou moi interesante, en especial o proxecto presentado por Portela e o interese do Concello de Poio por apoiar e promocionar a súa Illa.

Importante as mencións ao que foi Presidente de Pineiróns, Lino J. Pazos Pérez, polo seu libro de investigación sobre a Illa de Tambo "Recordando a Thalavo", ata o momento o único de referencia.

Foto: Esquerda-dereita: Tinón, Sergio Portela e Lino Pazos
Páx. 1



Foto: Patio exterior pequeno que pode axudar a formar a biblioteca e zona de traballo e investigación.

CENTRO DE VISITANTES (VII) (Suxestións IV – Distribución II)

Nesta entrada damos ideas para posibilitar que os antigos patios de recreo sirvan para aumentar o espazo de exposición do Centro de Visitantes. Páx. 2

CAMPOS DE TRABAJO EN ONS


Trato aquí un problema de favoritismo a prol das Illas Cíes que nunca perdeu estes Campos e, sen embargo en Ons, dende hai xa máis de 20 anos, desapareceron. Por que?

Foto: Rosiña de Pereiro, dándolles unha charla etnográfica aos rapaces do campamento de Ons. Páx. 3



Revista AUNIOS nº 26

Xa temos a revista Aunios nº 26. En breve comecemos a súa distribución. Os seus artigos sobre Ons, Salnés-Arousa e xerais son moi interesantes, polo que recomendamos a súa lectura. Páx. 4



BREVES

- Ons na Memoria. *Acampada do pinal*. Páx. 1
- Libros-d-Ons. Aunios e Onstopus encuadernados. Páx. 3
- HemerONSteca. Islas vírgenes de J. María Castroviejo. Páx. 5

CATEDRAL GASTRONÓMICA

Nesta entrega traio un cefalópodo que se dá moi ben na cociña, o choco, xa que ofrece un bo número de posibilidades de preparación.

Traio a que realizaban na Illa tal e como ma aprenderon nos meus anos mozos.

É unha receita sinxela onde case o máis importante era encher o bandullo. Páx. 4



PROPOSTAS PARA O VERÁN 2021

Aquí expoño unha serie de propostas para este verán. Teñen todo o mes de xuño para preparamelas. Páx. 5

CONCELLO DE POIO, UN EXEMPLO A SEGUIR NO INTERESE E PREOCUPACIÓN POLA SÚA ILLA: TAMBO

O 17 de abril tivo lugar, no incomparable marco do Mosteiro de Poio, unha xornada cunha exposición do arquitecto Sergio Portela, unhas charlas, mesa redonda e posterior coloquio sobre a Illa de Tambo organizada polos departamentos de Promoción Económica e Turismo do concello de Poio.

É importante o labor que están a facer dende algún concellos por defender as súas Illas e promovelas a nivel histórico e medio ambiental estando dentro do Parque Nacional e aínda, segundo din, que non teñen competencias. O caso de Poio é diferente, non está no Parque, pero a loita do Concello xunto coa Asociación Irmandade Illa de Tambo, é digna de louvanza e eloxio.

Sergio Portela presentou o seu Proxecto de futuro, do que di: “Hai que recuperar Tambo como espazo público, pero coidándoo e sen masificalo”.

Portela comentáballe a Cristina Prieto, de Faro de Vigo, sobre o seu Proxecto: “...Va a tener una parte de elementos que ya existen y otra del proyecto que se propone, que consiste principalmente en restaurar los edificios interesantes y en limpiar otras construcciones que no tienen ningún valor arquitectónico y son un poco perjudiciales, como por ejemplo las que se pusieron de servicio a playas y que están cortando el sistema dunario, por si hay un crecimiento del mar, que la arena pueda subir y se mantenga el ecosistema. En la exposición del proyecto traté varias cosas. Dentro de la investigación, hay una parte que es de leyes, cuento cómo está la isla en la actualidad definida por las leyes, cómo está el patrimonio, cómo está en lo que podríamos llamar clave de infraestructura verde, porque la isla en sí es un paisaje cultural y es el resultado de la interacción en el tiempo de las personas con el medio natural. Esta realidad dinámica que hay en este territorio tiene unos mecanismos de identificación, protección y gestión que tenemos que valorar. La idea es revalorizar y la estrategia que hay definida es por un lado conservar los valores, por otro recuperar los valores y por otro introducir nuevos valores. ...”

Dende logo a exposición foi moi interesante, respectando todos os valores da Illa e vimos un concello moi entregado en facelo realidade. Moi importante é a colaboración dos concellos coas asociacións que loitan polas súas Illas, cousa do que teñen que aprender outros, así como os responsables Parque Nacional. **Ogallá vaia todo para adiante.**

Fotos:

Esquerda: Sergio Portela presentado o seu proxecto.

Dereita: Claudio Quintillán presidente da Asociación “Irmandade Illa de Tambo” e Xosé Fortes, nas súas respectivas intervencións.



ONS NA MEMORIA

“ACAMPADA DO PINAL”

Estamos na *Acampada do Pinal* a mediados dos 80, a que despois denominaron Zona de Acampada de Chan da Pólvora, que estaba na parte baixa do que hoxe é o cámping.

Acababan de facer a fonte, que deu un servizo extraordinario pois, os campistas, para abastecerse de auga, lavar a louza, ducharse,..., ían ao lavadoiro de Caño, coa conseguinte problemática e grandes rifas que se armaban cos veciños.

A acampada estaba en caída cara ao leste e, cando chovía, as tendas quedaban anegadas. Sen embargo cumpría a súa función, sobre todo, cando a administración fixo, a 20 metros da fonte, uns lavadoiros, latrinas, e duchas. Só faltaba un pouco de control.

CENTRO DE VISITANTES (VII) (Suxestións IV – Distribución II)

Agora imos coa pare exterior. Despois dun pequeno repaso á distribución interior no número anterior, que repito, habería que preocuparse das dúas salas de Actividades Múltiples e Biblioteca pois darían, xunto coas específicas, un valor engadido ao Centro xa que repercutiría enormemente no seu dinamismo e na súa eficaz e práctica posta en funcionamento e valor.

Esta parte interior, tal e como está deseñado o edificio, pode adquirir máis volume en espazo e exposición de materiais, aproveitando parte do patio exterior máis amplo e o total do patio máis pequeno.

Nun primeiro intre fixarémonos no patio grande (**Plano 1**). Este espazo podería dividirse en dúas zonas: Zona A e B.

Zona A (cor amarelo no debuxo): Sería un rectángulo que habería que cubrir, por exemplo, con vidro de seguridade laminar transparente (ou outro que se considere máis adecuado), pola fronte e lado leste e que quedaría unido á Zona 4 do Centro (A Nosa Illa, unha paisaxe de mar e terra), facendo ese espazo máis amplo. Nesta Zona A, poderíanse expoñer a dorna coa súa vela de relinga, o carro de bois típico, a Tapadeira da Laxe do Crego, ..., e outros elementos voluminosos, quedando ao resguardo da meteoroloxía e polo tanto doados de facerlle o mantemento adecuado anual que necesitan.

Esta zona tería un espazo, aprox., de 14m. de longo por 7m de ancho, suficientes para a súa función expositiva.


Zona B (cor azul no debuxo): Sería un espazo amplo, que Parques tiña para Xogos Populares, pero que podería albergar unha boa cantidade de actividades, como as que estiveron realizando este pasado verán por diferentes puntos a carón do Centro e que agora se poderían levar a esta Zona B.

Este espazo posúe unha sombra natural debido as árbores alí existentes (Malaleuca), que facéndolle unha poda adecuada e con asesoramento por persoal técnico, daría pé a poder instalar nese espazo unha Carpa para posibles inclemencias meteorolóxicas. As carpas existentes hoxe en día son dunha calidade excelente, con moitas versións, doadas de instalar, que poden estar cubertas en todo o seu perímetro e con material transparente, ..., poderíanse mercar, desmontar e gardar rematada a tempada ou alugalas, segundo a programación que realice o Parque para cada verán.


Aquí temos unhas ideas que son prácticas, sinxelas, ..., e asumibles economicamente, tendo en conta que, cun mínimo coidado e mantemento, durarían por moitos anos.

Esta zona tería un espazo de 31m. de longo por 10 m de ancho, suficientes para realizar calquera actividade ao aire libre.

PLANO 1



PLANO 2




Espazo do patio pequeno (**Plano 2**)

Este terreo exterior tamén podería aproveitarse para pechalo ao igual que a Zona A do plano 1, co mesmo material que se escolla.

Permitiría ter un espazo dispoñible moi interesante, onde quizais quedaría ben, entre outras cousas, a Biblioteca e lugar de traballo. Podería estar controlada dende a oficina dos gardas e daría moitos xogo para a utilización doutras salas ou ampliación de exposición dalgunha delas.

Tería unhas medidas de 19 x 8 m.




LIBROS - d - ONS

Non son dous libros que poidamos atopar nas librarías, non, son o froito da encadernación das revistas de AUNIOS e das páxinas de ONSTOPUS.

Coido que é un bo sistema de ter a man e mellor gardadas as revistas e, aínda que as fotocopias a cor saen un pouco máis caras, tamén as noticias do minixornal, o que as fai moito máis manexables, tanto a unha coma á outra, á hora de buscar algún artigo ou noticia. Aínda que, dende logo, grazas á magnífica axuda de Arturo Sánchez Cidrás tamén as temos dixitalizadas e no caso de AUNIOS por revista e por autor nos enlaces:

- <http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/index.htm>
- <http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indexAutores.htm>
- <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>



CAMPOS DE TRABALLO / CAMPOS DE VOLUNTARIADO NA ILLA DE ONS

En 1980 comezaron os Campamentos na Illa de Ons no barrio de Pereiró e os Campos de traballo no de Curro, habilitando os edificios das escolas, onde hoxe está radicado o Centro de Visitantes, aínda que posteriormente, por razóns económicas, pasaron tamén á zona alta do Campamento de Pereiró. Centrándonos nos Campos de Traballo, dicir que o seu labor en Ons foi encomiable, sobre todo nos duros anos 80 s.XX na loita contra os incendios que asolaban a Illa de norte a sur, tanto de día como de noite. Pero tamén polo seu traballo medio ambiental, tanto no propio espazo do campamento como por toda a Illa, destacando a limpeza de camiños, de praias, a construción da fonte de Caniveleñas, plantación de árbores,..., e un longo etc. Para asistir, en quendas de 15 días, tiñan que pagar unha certa cantidade, que eu sempre coidei que, polo labor que desenvolvían, sobre todo cos incendios, non só deberían estar gratis, senón que ata deberían de pagarlles, pois facían o traballo que hoxe realiza o ben pagado retén de incendios, pero eles sen medios mecánicos e traballando, ás veces, máis de 8 horas e ás ordes dos que, realmente, deberían facer ese traballo. Poderíamos seguir tratando o tema que coñezo moi ben xa que lles impartía charlas histórico-etnográficas con excursións didácticas, pero o motivo desta entrada é preguntar, por que hai moitos anos que desapareceu ese importante grupo de mozos que realizaban un traballo loable en Ons e, sen embargo, nas Cíes non? A que será debido ese menosprezo e indiferenza dos responsables da administración cara á Illa de Ons? Chama a atención que este ano 2021 para as Illas Cíes haxa para o verán (4) catro Campos de Voluntariado medio ambiental e para a Illa de Ons ningún. Ons ten unhas necesidades iguais ou maiores que as Cíes, e é por iso que non debería haber esa diferenza en asistencia entre as dúas e menos pertencendo ambas a un Parque Nacional.



Foto arriba: Tendas do Campo de Traballo no ano 1986.
Foto abaixo: Mozos do Campo traballando na extinción dun incendio.

CATEDRAL GASTRONÓMICA

Que tempos aqueles en que podíamos practicar a pesca deportiva na Illa. A administración prohibiuna, pero non foron quen de demostrar, *por escrito e con datos*, que era prexudicial para o medio, cousa que lles pedimos tanto aos políticos do PP como do bipartito. Como sempre, un desastre, non foron quen de demostralo con datos estatísticos, que era tan prexudicial e, sen embargo, a profesional non.

Ben, pois hai anos, os que estabamos de cámping pola Illa (aínda non estaba regulado o campismo), íamos a pescar para comer e o que máis abundaba era o polbo e maragota-pinto, que chegamos a aburrilos de tanto papealos. Eramos rapaces e non tiñamos un pataco para poder ir comer aos bares.

Non eramos depredadores, como chegaron a cualificar aos deportivos, máis pola contra, eramos moi selectivos e só collíamos o que necesitabamos para comer. Para que íamos a pescar máis se non tiñamos xeito de conservalo.

A carón do polbo, outro cefalópodo que daba moito xeito para o xantar e que enchera os nosos famentos bandullos, era a xiba ou choco, pois o polbo, como nos ensinaran, facíámolo sempre en caldeirada, en cambio o choco, con arroz, patacas, toda clase de pasta, á prancha na tixola, á brasa,..., aínda que comías sempre choco, parecía que eran comidas diferentes e xunto cos ingredientes engadidos, enchían os nosos bandullos.

Recordando aqueles tempos, na Catedral Gastronómica, fixemos un choco guisado ao estilo Ons.

Sepia officinalis

O corpo do choco é ancho, con expansións laterais en forma de aletas e unha especie de triángulo sobre a cabeza. No seu interior ten unha concha longa e dura. Está dotado de oito brazos e dous tentáculos, a súa cor varía dependendo do substrato onde viva.

Poden cambiar de cor moi rapidamente. Aliméntase de crustáceos e peixes.

Ten diferentes nomes: Choco, Sepia, Chopo, Xiba.



CHOCO GUISADO AO ESTILO ONS

Ingredientes:

Chocos, patacas, cebola, pementos vermello e verde, viño branco, allo, salsa de tomate, caldo de peixe, pemento, aceite e sal.

Preparación:


-Sofritir a cebola, os pementos e o allo, todo ben picadiño segundo gusto.

-Cando estea no seu punto, botámoslle a salsa de tomate, o pemento e o choco en anacos e deixamos que se faga un rato.

-Despois de 5 m. botamos o caldo de peixe. (O caldo de peixe conseguíámolo de cocer as cabezas de maragota da noite anterior).

-Pasados arredor de 15 m. engadimos as patacas cortadas. Mellor ao cortalas facelas triscar para que a salsa quede un pouco máis espesa.

-Deixar facer a lume lento sobre uns 20 m. Tan pronto estean as patacas estará o guiso feito.



REVISTA CULTURAL “AUNIOS” Nº 26

A asociación cultural Pineiróns xa ten nas súas mans o nº 26 da revista cultural AUNIOS. Despois da última reunión e por mor das problemáticas que poñen debido á Covid, decidiron, tamén por este ano, non realizar a súa presentación.

Para facerse coa revista, que é gratuíta, poderán facelo nas casas comerciais que, coa súa doazón, fan posible que un ano máis estea na rúa.

A carón dos magníficos traballos xerais de Calo Lourido, Juan Castiñeiras e González Crespán, destacaremos estes artigos sobre Ons:

A postas das grallas, cogomelos de Ons, o entroido na Illa, aproximación historiográfica á arqueoloxía de Ons e as homenaxes a Fernando Alonso Romero e á súa muller María Castroviejo Bolivar polos seu aporte ao coñecemento desta Illa.

Sobre a zona dos Salnés-O Grove, destacar: Un alcalde vilagarcían preso en San Simón, homenaxe a Luís Rei, crónicas mecas, a cabriña un fento singular do Salnés, unha festa en Louxo poema de Emilio Villelga, un barco naufragado en Sálvora arriba a San Vicente e a cartografía antiga da ría de Arousa.

A partires da semana do 24 ao 30 de maio, farémolas chegar aos colaboradores.

TRIBUNA DE LA VANGUARDIA

SILVA DE VARIA LECCION

ISLAS VIRGENES

HACE unos días volví, en mi Galicia natal, a la Isla grande de Ons, para completar un Informe que me fue pedido por I.C.O.N.A. con vistas a la creación de un «Coto Social de Caza Controlada» en aquel paraje, por tantos motivos maravilloso. Hay mucha perdiz, tras seis años de veda, que está criando muy bien y el saltarín conejo brinca por toda la isla. Si se lleva a cabo, como esperamos, este Coto controlado, será un paraíso para cazadores, con el regalo final del incomparable pulpo isleño.

En el tobo de un conejo hallé curiosamente un nido de grullas («Coleus monedula»), esos pequeños y encantadores córvidos de cabeza gris y ojos de plata. Konrad Lorenz, en su fascinante libro «El anillo del Rey Salomón» (Estudios de psicología animal) dedica un largo y apasionado capítulo a las grullas, con las que convivió largos años en su casa campestre de Altenberg. Lorenz, científico de fama mundial y profesor de la universidad de Viena, escribe: «Han pasado veinticuatro años desde que vi a la primera grullita volar de esta manera —la grullita, en efecto, ejecuta acrobacias de maravilla en el aire— en torno a los pináculos de Altenberg, y ya desde entonces quedé prendado del pájaro de los ojos plateados. Y como ocurre frecuentemente con los grandes amores de nuestra vida, poco podía imaginarme lo que iba a suceder cuando conocí a mi primera grullita joven».

Traja una de las de Ons a casa y estamos felices con ella, por su extraordinario cariño e inteligencia. En las islas de Ons hay otros córvidos, desde el gran cuervo de poderoso vuelo y ronco grito («Corvus Corax») que los isleños llaman «Corvo manteiro» y que nidifica en los acantilados más inaccesibles, a la hermosa choya de pico y patas rojas («Phyrivorax Phyrri-corex») que desgraciadamente está en disminución creciente en todas partes, y cuya inteligencia entre todas las aves, resulta insuperable.

El día era luminoso y perfecto, con el mar verde y rizado, sobre el que las «dornas» eran gracia y desafío al puro viento y a la espuma. La dorna que riza, brinca, corre y vuela sobre

las ondas, tensa la vela milenaria de los orígenes y a cuyo paso las caracolas del mar lanzan su mejor sonido bruante. La «dorna» que supo de las nupcias de las sirenas y sobre cuyas tablas humedecidas que conocieron los períodos oestrynnicos, el corazón de los marineros se adentra, todavía, valiente y eterno en el Atlántico, en la mar «desafiante» y «temerosa» que conmueve la «Ora Marítima» de Festo Avierno. La humilde bella «dorna» de altiva proa, chorreante de sal, con el sol esculpido en esvástica. En esta época maquinizada y contaminante, de grasas que mancillan la linfa y matan tristemente a las aves marinas, la «dorna» tiene el sabor fresco de una flor sobre el mar, a la que saludan, con su grito preñado de sal, gaviotas y mascatos desde los intactos azules de la altura.

Viéndolas tan hermosas, me volaron al recuerdo los versos de Torneo, gritados por el «trovador» desde la fresca mañana del XIII:

«Vin eu mia madre andar
as barcas e no mar
E moirme d'amor...»

Aunque no durará mucho, por las trazas, tanta hermosura, por irse los isleños a tierra firme. Pero quedará siempre alguien en Ons; con el mar, las dornas, los cantiles, los córvidos, los conejos y las perdices. Pero, ¡cuidado también! No destaquemos demasiado la belleza de las islas. No vaya a ser que venga algún «promotor» de turismo y emplee a erigir allí rascacielos, como ese horrible con que fue «condecorada», en el mar de Vigo, la humilde isla de Toralla. ¡Santo Dios de Israel!

La «inefable droga»

Sabíamos, que, sobre otras varias «drogas» nacionales, correspondía, con todos los honores, la palma al fútbol, pero hasta ahora no lo habíamos visto y oído, con el destaque de los últimos días. En TVE un personaje del deporte, cuyo nombre sentimos no recordar, declaró, tajantemente, que no existía ya duda

alguna de que el fútbol constituía la verdadera «droga nacional» y, que, por tanto, era justo que durante el verano no se vieran tampoco los españoles privados de esta benéfica y anhelada «droga». Todo esto a propósito de haberse levantado la veda para la «adquisición» de futbolísticas estrellas extrañas. «Primum futbolare», por tanto, y arriba, con la «droga», los valores hispanos. Aunque según reciente encuesta, el 50 por ciento de los trabajadores nacionales no lean un libro al año, ¿para qué? La pequeña pantalla, y ¡ay! los periódicos, siguen enriqueciendo, por otra parte, el castellano con hermosuras así: «La nueva ley contempla la última pena para...», «¡Que bueno que de inmediato viniste hoy!», «Desde siempre has estado exitoso», etcétera, etcétera. No tenemos, en realidad por qué preocuparnos de nada ni de nadie. Ahí está la «droga», salvífica, cultural e incommensurable. Tal vez por muchos años... y tal vez, también, nuevo idioma.

La «medalla del mosquito»

«La Semaine», semanario de Brazzaville, comenta una decisión del Gobierno de Sierra Leona, verdaderamente sorprendente, como algunos escriben en el desventurado castellano de hoy. Se trata de una nueva condecoración oficial que portará el nombre de «Medalla del mosquito». Según un comunicado de la presidencia de la República —publicado el 7 de mayo de 1973— esta condecoración «rinde homenaje al mosquito, que ha extendido la malaria entre los colonizadores blancos, impidiendo así al hombre blanco el instalarse definitivamente en Sierra Leona, evitando la creación de otra nueva Rhodesia».

Cabe el preguntarse si la malaria, propagada por los ensalzados y patrióticos mosquitos, no han diezmado también a los indígenas. Si así no fuera, no existe la menor duda que nos encontramos ante unos mosquitos desconcertantemente racistas. He aquí un singular tema de estudio para los entomólogos.

José María CASTROVIEJO

PROPOSTAS PARA ESTE VERÁN 2021

Este Onstopus vai un pouco apurado para dedicarme, neste mes de xuño, á revista AUNIOS. Iso non quita un par de recomendacións que quero facer chegar á Consellería de Medio Ambiente e Parques para este verán 2021:

- 1º.- Agradeceríamos que este verán, ao igual que o pasado, teñamos un *Posto de Primeiros Auxilios* de xeito **PERMANENTE**, atendido por persoal cualificado, como así sucedeu no 2020.
- 2º.- Que o *Centro de Visitantes* teña un horario, como mínimo, igual que no 2020. Que se realicen Actividades lúdico-didácticas e que, se estude un mellor dinamismo cara ao ano que vén.
- 3º.- Revisar a *pasarela* que vai á praia de Area dos Cans. Sabemos que a madeira, co paso do inverno, sofre unha grande deterioración e é necesario facer reparacións, sobre todo, no espazo que cadra coa baixada á area.
- 4º.- Que se facilite, en todas as praias, o acceso a *persoas discapacitadas*.
- 5º.- Que se poña, ao comezo do peirao, un ou varios *contedores de lixo*.
- 6º.- Sería interesante, na antiga canteira de Curro, poñer unhas *latrinas* (poderían estar conectadas á rede de sumidoiros). Unha delas, como mínimo, adaptada a persoas discapacitadas.
- 7º.- Que os *reténs de incendios* que veñen no verán, a carón do seu traballo de prevención, tamén, con asesoramento técnico, fagan reforestación.
- 8º.- Que haxa persoal profesional que revise periodicamente o bo funcionamento das *depuradoras*.
- 9º.- Que a praia de Melide poida contar cunha *fonte de auga*, xa sexa a que habilitou no seu momento a administración no cantil ou a que se atopa na zona norte, a poucos metros da area, con lavadoiro.
- 10º.- Que se facilite aos *veciños* o acceso ás súas vivendas illáns, sen necesidade de trámites por internet que non todos dominan pola súa idade.
- 11º.- Que a Consellería organice un *Plan de Lixo Reciclable*, polo que haxa en cada barrio, por grupo de vivendas, contedores para papel, vidro, orgánicos e, sobre todo, para *aceites*. Non virían mal unhas charlas aos veciños.
- 12º.- Que haxa un aumento de horas de electricidade e que estas sexan consensuadas cos veciños
- 13º.- Que a asociación veciñal anime aos veciños para volver á celebración das *Festas de Ons* como antano.